

Debe dicir:

CNAE	Actividade	T.E. inicial	T.E. mínima
55	Hostalaría	52,8%	64%

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Orde do 9 de maio de 2006 pola que se aproban os modelos de carteis indicativos da promoción de vivendas de protección autonómica e actuacións de rehabilitación.*

As actuacións protexidas en materia de vivenda, na súa dobre faceta de promoción pública e privada de vivendas de protección autonómica de nova construción ou de rehabilitación, en áreas en proceso de degradación, en centros históricos ou en vivendas no medio rural, aconsellan que durante o período de execución das obras, se coloque nun lugar visible un cartel ou varios, segundo modelo oficial, indicativo de que estan acollidas a axudas públicas de acordo coas normas ditas pola Administración autonómica e estatal.

Por todo isto, coa finalidade de pór de manifesto non só que tales actuacións están protexidas senón que, no caso de vivendas de nova construción, calquera interesado poida identificar de inmediato se son de promoción pública ou privada, esta consellería

### DISPÓN:

Artigo único.-Apróbanse os modelos de carteis que serán instalados, e mantidos en bo estado de conservación, polos promotores, nun lugar visible desde a vía pública, durante a execución das obras de construción de edificios que se promovan ao abeiro do réxime legal de vivendas de protección autonómica de promoción pública ou privada, así como nas actuacións protexidas de rehabilitación en áreas de rehabilitación integral, centros históricos ou vivendas no medio rural.

Os modelos de carteis serán os que figuran como anexo a esta disposición.

O modelo número 1 será de aplicación ás vivendas de protección autonómica de promoción pública de nova construción, o número 2 ás vivendas de promoción privada, o número 3 ás obras de rehabilitación que se acometan en áreas de rehabilitación integral ou centros históricos e o número 4 corresponderá á rehabilitación de vivendas no medio rural.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2006.

María Teresa Táboas Veleiro  
Conseleira de Vivenda e Solo

Cartel identificador de obra de vivenda de protección oficial. Promoción pública.

#### Formato

Os carteis están deseñados en base a unha retícula de 12 x 23 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 10 cm. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadírase un módulo o alto por liña de texto necesaria.

#### Símbolo

Verión do símbolo para 3 tintas coas medidas que se indica no esquema.

#### Logotipo

Logotipo centrado

#### Tipografía


Textos informativos en Intersstate regular / bold.

#### Cores

Pantone 375 CVU  
Pantone Process Cyan CVU  
Pantone 2935 CVU

Cor de fondo do cartel: branco. A retícula só ten carácter orientativo.

A aplicación dos logotipos dos organismos segúndose as portadas de súa propia lixeira corporativa.



**Aplicacións. Banderolas. Áreas de Rehabilitación**

**Formato** - As banderolas están deseñadas en base a unha retícula de 11 x 47,5 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 1 unidade. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadíriase un módulo & alto por liña de texto necesaria.

**Logotipo** - A Banderola de Áreas de Rehabilitación levará na parte inferior tres logotipos por esta orde: Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Solo), Ministerio de Vivenda e Concello onde se localizan as obras de rehabilitación en cuestión.


**Tipografía** - A tipografía corporativa é a DIN Schrift en versión 1451 Mittelchrift. Utilizarase sempre en caixa alta. O texto Áreas de Rehabilitación irá sempre centrado no recadro superior.

**Cores** - Pantone 161 CVU, Pantone 484 CVU, Pantone 159 CVU, Pantone 158 CVU, Pantone 157 CVU, Pantone 156 CVU e o Pantone Process Black.

Cor de fondo da banderola: branco.

A retícula e o texto só teñen carácter orientativo.

A aplicación dos logotipos dos organismos seguirá os puntos de uso propio inane corporativo.



**Cartel identificador de obra de vivenda de protección oficial. Promoción privada.**

**Formato**

Os cartéis están deseñados en base a unha retícula de 12 x 23 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 10 cm. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadíriase un módulo & alto por liña de texto necesaria.

**Símbolo**

Verión do símbolo para 3 liñas coa medida que se indica no esquema.

**Logotipo**

Logotipo centrado

**Tipografía**


Textos informativos en Interstate regular / bold.

**Cores**

Pantone Warm red CVU  
Pantone Process Cyan CVU  
Pantone 2935 CVU

Cor de fondo do cartel: branco. A retícula só ten carácter orientativo.

A aplicación dos logotipos dos organismos seguirá os puntos de uso propio inane corporativo.



#### Aplicacións. Bandeiras Rehabilitación Rural

**Formato** - As bandeiras están deseñadas en base a unha retícula de 11 x 40,5 cadrados, na cal "A" é o lado do cadrado. Valor real de A = 1 unidade. Se o texto informativo fora máis longo que o do exemplo, engadírase un módulo ó alto por liña de texto necesaria.

**Logotipo** - A bandeira de Rehabilitación Rural levará na parte inferior unicamente o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Solo).

**Tipografía** - A tipografía corporativa é a DIN Schrift en versión 1451 Mittelschrift. Utilizaras sempre en caixa alta. O texto Rehabilitación Rural irá sempre centrado no recadro superior.

**Cores** - Pantone 161 CVU, Pantone 484 CVU, Pantone 159 CVU, Pantone 158 CVU, Pantone 156 CVU, Pantone 157 CVU, Pantone 156 CVU e o Pantone Process Black.

*Civ de fondo da bandeira: branca.*  
*A retícula e o texto só teñen carácter orientativo.*

*A aplicación dos logotipos dos organismos seguirá as normas do seu propio inze corporativo.*

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 19 de maio de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se fan públicas as listas provisionais para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, resultantes da adaptación a este de determinadas listas elaboradas no seu día ao abeiro do Decreto 217/2003, do 11 de abril.*

Efectuada a adaptación prevista na disposición transitoria do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de

persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 48, do 9 de marzo), de determinadas listas elaboradas no seu día ao abeiro do Decreto 217/2003, do 11 de abril, unha vez que a comisión permanente central acordou na súa xuntanza do día 18 de maio deste ano elevar a este centro directivo as listaxes correspondentes e de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, a Dirección Xeral da Función Pública

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais para a contratación temporal de persoal laboral correspondentes aos grupos e categorías que se inclúen no anexo I a esta resolución, coa indicación das puntuacións provisionais resultantes da aplicación do baremo establecido no artigo 9 do Decreto 37/2006.

Segundo.-As listas atópanse expostas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención